QUINTO. Contra a aprobación definitiva da Modificación do Anexo de Subvencións, poderá interpoñerse directamente Recurso Contencioso na forma e prazos establecidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Asinado dixitalmente

Alcaldesa do Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán."

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo político PSOE e 5 abstencións dos grupos políticos PP, IXCee e BNG.

A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELADA"

-----INTERVENCIÓNS-----



Sra alcaldesa: xa coñecen a proposta tanto este punto como no seguinte como van relacionados explico de forma conxunta, o motivo é conceder a ANPA de Euxenio López unha subvención de 3000 euros e conforme consta no informe emitido por parte da concelleira de servizos sociais a proposta da concesión da subvención ten por finalidade a posta en marcha dunha actuación que incide na conciliación dende a base da corresponsabilidade familiar poñendo foco no reparto equitativo das responsabilidades doméstico familiares entre mulleres e homes en liña cas ultimas decisións adoptadas pola UE que tratan de apoiar a conciliación da vida familiar e persoal, e de 3000 euros e permiten iniciar o programa.

Sr Vigo: el grupo IXCee va votar a favor entiendo que esa subvención es para una actividad del ANPA más que necesaria, y por lo tanto no podemos votar en otro sentido pero si sería bueno que una vez por todas se hiciese caso a lo que le indicaron otros grupos en otras ocasiones y nos sentásemos par aun anexo de subvenciones no en función de hechos puntuales y en base a lo que hay evidentemente, no se puede repartir lo que no se tiene.

Sr Domínguez Louro: reiterar o que xa dixemos noutra ocasión que acaba de decir o Sr Vigo que é necesario sentarse e ter ese debate sobre que debe entrar e non no anexo de subvencións para non estar pleno tras pleno ter que modificar este anexo, así o dixemos o outro día e hoxe que rexistrei de novo o outro día entregueille en man a nosa proposta que si hai esa comisión será a que levemos salvo que haxa que retocala, despois so facer unha pregunta porque para este servizo é unha cantidade pequena, entón ata cando se vai dar, si esa cantidade é suficiente para todo curso escolar ou non, ou como vai ser.

Sra alcaldesa: esta cantidade é para este exercicio ata decembro, despois hai que mirar, este ano é dentro deste exercicio.

Sr Domínguez Louro: eso entendo perfectamente

Sra alcaldesa: de cara o ano que ven doulle traslado a concelleira de servizos sociais, vaise solicitar unha subvención para poder continuar co servizo.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

4. Proposta da Alcaldía relativa á Aprobación da Modificación Plan Estratéxico de Subvencións 2022. EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000018.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Economía e Facenda o día mércores 18 de maio de 2022 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“4. Proposta da alcaldía relativa á aprobación da Modificación Plan Estratéxico de Subvencións 2022. Expediente Nº 2022/X999/000018.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA



ASUNTO: Aprobación da Modificación Plan Estratéxico de Subvencións 2022.

EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000018.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, dada a necesidade de proceder a Modificación do Plan estratéxico de subvencións aprobado no seu día é fixar as liñas de actuación no outorgamento das mesmas o que debe ser acorde cos principios reguladores da lei de subvencións, en uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación inicial da Modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2022 que de seguido se detalla, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

“ PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2022

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico, polo que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

Hai que ter en conta a disposición adicional décimo terceira da Lei 38/2003, de 17 de novembro, na que se establece que os Plans e programas relativos a políticas públicas que estean previstas en Normas legais ou regulamentarias, terán a consideración de Plans Estratéxicos de Subvencións sempre que recollan o contido previsto no artigo 8.1 da Lei 38/2003.

En cumprimento do disposto na disposición final terceira da citada Lei, o Goberno aprobou o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor do mesmo (25 de outubro de 2006), os plans estratéxicos de subvencións ou dos plans e programas sectoriais vixentes adaptaranse ao establecido no mesmo.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redundan de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, una maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar a eficacia, prevese na Lexislación que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións [instrumento de organización das políticas públicas que ten como finalidade o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública], de carácter plurianual e con carácter previo ao nacemento das subvencións, coa finalidade de adecuar as necesidades a cubrir mediante as subvencións cos recursos dispoñibles; con carácter previo ao nacemento da subvención.

Por iso, este Concello aproba o Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

Artigo 1.



O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2022 axustarase ao previsto no presente Plan.

Artigo 2.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión.

Artigo 3

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras da súa concesión acomodaranse en cada momento a devanditos obxectivos.

Artigo 4

A aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións non supón a xeración de dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos.

Artigo 5

O Concello concederá subvencións a favor de persoas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

Artigo 6

As materias que o Concello de Cee pretende subvencionar son as seguintes:

2022

- Acción social: CARITAS DIOCESANA, emerxencias sociais, premios, libros e becas de comedor.
- Cultura: Fundación Fernando Blanco; Amigos da Xunquera, Entroido...
- Deportes: asociacionismo deportivo, etc.

Artigo 7

En materia de **acción social**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) colectivos desfavorecidos:

a) **Obxectivos:** se pretende facer fronte as necesidade de emerxencia social para aqueles casos nos que se necesita unha resposta inmediata en situacións de clara necesidade de intervención inmediata mellorando a súa calidade de vida do usuario e perseguindo o obxectivo dunha integración laboral e social.

b) **Efectos pretendidos:** paliar emerxencias sociais.

c) **Costos previsibles:** 13.000€

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos



e) **Plan de acción:** colaboración coas distintas entidades que se financian e mediante a concesións de axudas de emerxencia social ou convocatorias de subvencións de necesidades previstas.

B) Conciliación

Obxectivos: se pretende facer fronte as necesidade de promover iniciativas de igualdade e perseguindo o obxectivo dunha integración laboral e social.

b) **Efectos pretendidos:** paliar desigualdades de xénero e fomentar a conciliación.

c) **Custos previsibles:** 3.000€

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

e) **Plan de acción:** colaboración na educación para a adopción das políticas citadas (ANMPA)

C) Colaboración internacional

Obxectivos: se pretende facer fronte as necesidade de emerxencia social para aqueles casos nos que se necesita unha resposta inmediata en situacións de clara necesidade de intervención inmediata mellorando a súa calidade de vida do usuario e perseguindo o obxectivo dunha integración laboral e social.

b) **Efectos pretendidos:** paliar desigualdades sociais.

c) **Custos previsibles:** 1.780€

d) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

e) **Plan de acción:** colaboración coa entidade Solidaridade Galega co pobo saharai

Artigo 8

En materia de **cultura**, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) premios:

a) **Obxectivos:** Impulsar e achegar á poboación a creación artística a través de concursos

b) **Efectos pretendidos:** fomento da lectura e da cultura popular

d) **Custos previsibles:** 6.000€ para 2022

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** liñas de concursos.

B) Museos

Obxectivos: Impulsar e achegar á poboación a creación artística e a cultura a través de dos museos

b) **Efectos pretendidos:** fomento da cultura popular e o arte



d) **Costos previsibles:** 18.000€ para 2022

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** colaboración no sostemento da colección- museo da Fundación Fernando Blanco en relación os gastos de natureza corrente.

C) Ano Xubilar 2022/2023

Obxectivos: Impulsar o evento Ano Xubilar 2022/2023

b) **Efectos pretendidos:** fomento da cultura

d) **Costos previsibles:** pendente de determinar

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** colaboración no sostemento da actuacións do ano xubilar e a coroación da Virxe da Xunqueira

Artigo 9

En materia de deportes, o Concello establecerá, durante o período de vixencia do Plan, as seguintes liñas de subvención:

A) Fomento das Prácticas Deportivas:

a) **Obxectivos:** Favorecer a realización de actividades deportivas no Municipio, apoiar a todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos...

b) **Efectos pretendidos:** Financiar parte da adquisición do material deportivo e o gastos necesarios para a práctica do deporte no Municipio, o incremento de persoas que se inscriban nas diferentes Federacións deportivas, que se realice un maior número de competicións a nivel municipal, a realización de máis actividades e eventos deportivos no Municipio...

d) **Costos previsibles:** 18.100 para o 2022.

e) **Financiamento:** O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos

f) **Plan de acción:** fomento do deporte mediante a colaboración con entidades que sen ánimo de lucro incentiven o deporte e a súa promoción.

g) na área de deportes destaca a entrega coma contraprestación para fomentar e favorecer o deporte, a menor cuantía a sufragar polos usuarios e a promoción deportiva a aportación con carácter de subvención á explotación a favor do concesionario da instalación da piscina municipal polo importe que resulte do resultado da explotación e cun importe máximo de **80.000€**

Artigo 10

O Concelleiro competente por razón da materia ou a Alcaldesa no seu caso efectuará o control do cumprimento do presente Plan durante o seu período de vixencia.

Artigo 11



Finalizada a vixencia do Plan, antes da elaboración do seguinte a Alcaldesa deberá presentar ante o Pleno nunha Memoria na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.

Anexos:

1. Anexo de subvencións nominativas do Orzamento Municipal do Concello de Cee para 2022 dentro do orzamento prorrogado do 2020.

NOMINATIVAS 2022

PARTIDA	ENTIDADE	IMPORTE	DESTINO	CARÁCTER
230/489.00	Solidaridade Galega co Pobo Saharai	1.780	Programa Vacacións en Paz	Postpagable
230/489.00	ANMPA EUGENIO LÓPEZ	3.000	Servizo de conciliación	postpagable
230/489.00	Cáritas Diocesana de Santiago- Parroquia de Cee.	3.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Unión Club Cee	6.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	ACB Costa da Morte	4.000	Convenio	Postpagable
340/489.00	Asociación Deportiva Olimpia Cee	2.500	Convenio	Postpagable
340/489.00	S.D Ameixenda	2.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Club Arte e Movemento	1.200	Convenio	Postpagable
340/489.00	Fútbol Sala Feminino Villa de Cee	2.200	Convenio	Postpagable
330/489.01	Fundación Fernando Blanco	18.000	Convenio	Prepagable
340/489.00	Atlético Pereiriña Fútbol Club (G70111729)	0	Convenio	Postpagable
340/472.00	VIRAXES SL	80.000	Resultado da explotación.	Postpagable
330/489.01	Asociación de Amigos da Xunqueira (G67767681)	20.000€	Convenio	Prepagable

EN CONCURRENCIA 2022

PARTIDA	ENTIDAD	IMPORTE	DESTINO
230/480.00	Segundo necesidades	5.000	emerxencias sociais
230/481.00	Sen especificar	5.000	Premios, libros etc becas comedor servizos sociais
330/481.00	Sen especificar	370	Premios de campaña de lectura etc cultura

SEGUNDO.-Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poden presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.



Publicar así mesmo, na sede electrónica deste Concello <https://www.cee.gal>.

TERCEIRO.- Concluído o período de información pública, se se presentaron reclamacións e/ou suxestións, deberán resolverse estas, incorporándose ao texto as modificacións derivadas da resolución das alegacións, no caso de que non se presenten reclamacións en relación coa aprobación inicial do Plan no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o Acordo ata entón provisional.

CUARTO.- O Acordo de aprobación definitiva [expresa ou tácita] deste Plan, co texto íntegro da mesmo, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no *Boletín Oficial da Provincia*, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

Asinado dixitalmente ao marxe.
Alcaldesa do Concello de Cee.
Margarita Lamela Louzán.”

Sométese á votación a proposta e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 2 votos a favor do grupo político PSOE e 5 abstencións dos grupos políticos PP, IXCee e BNG.
A secretaria, ROCÍO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Sra alcaldesa: reiterar o mesmo.

-----VOTACIÓNS-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

5. Dar conta de Resolucións da Alcaldía para coñecemento:

Da Nº 381/2022 do 22 de abril á Nº 457/2022 do 20 de maio.

Quedan enterados/as.

6. Mocións de urxencia.

Non se producen.

7. Rogos e preguntas.

Incidencia: sendo as 20:30 horas, a Sra Pilar Iglesias Lema abandona a sesión plenaria

Sr Vigo: un rogo, estos últimos días vin unha sinal vertical ali na costa que sube da piscina que vai a Corcubión no lado do mar, sinalando o camiño de Santiago, creo que en algunha ocasión xa falamos



deste tema, me costou traballo no seu día que o camiño fora por onde foi toda vida en base a un informe do noso técnico de cultura que é especialista en historia me costou traballo que patrimonio entrase por ese aro de que o camiño estaba mal trazado o final os técnicos aceptaron esa situación non sei si o sinal o colocou o Concello ou Xacobeo, si foi o concello rogo que o retire e senón que lle diga que está mal sinalizado, é importante porque temos o traxecto mais longo urbano no camiño de Santiago a Fisterra e dende un punto de vista económico é importante que pase polo medio do pobo.

Sra alcaldesa: a sinalización foi colocada polo Xacobeo e dende o concello presentamos novamente outro escrito incluso mais detallado que que había con anterioridade, a Ildefonso de la Campa se lle mandou de novo, teño solicitada tamén unha reunión con el para tratar o tema.

Sr Domínguez Louro: xa falamos en algunha ocasión e volvo facer a pregunta si hai analisis dos verquidos das edars das parroquias, Estorde, Ameixenda, Lires, Ruíbo, ou non se fixeron.

Sra alcaldesa: se deu orde a unha empresa para que fixera Ruíbo, Estorde e Gures pode pasar pola oficinas

Sr Domínguez Louro: Ameixenda?

Sra alcaldesa: están en obras

Sr Domínguez Louro: en obras pero non levan 6 meses en obras

Sra alcaldesa: pero non funcionaba, estabamos co tema do proxecto, non funcionaba ben

Sr Domínguez Louro: en canto a obra de Pereiriña, un par de cousas, en Pereiriña hai saneamento?

Sra alcaldesa: en Pereiriña non

Sr Domínguez Louro: o digo porque se vai facer unha obra de mais de 600.000 euros e vai ser unha pena rompela despois en parte para acometer ese saneamento que é tan demandado, creo que deberíamos empezar por aí, tiña a dúbida, despois unha observación pregunta con isto das beirarrúas parece ser que persoal do concello, unha empresa ou deputación que foi marcar ata onde chegan as beirarrúas, o espazo necesario para coller e entrou en propiedades privadas para poñer estacas ou o que sexa, as persoal coas que falei, os donos non tiñan coñecemento entraron nas súas propiedades sen ningún tipo de comunicación previa e eu entendo o meu parecer o normal sería que dende o goberno, ou quen decidise fixese esa comunicación previa, porque mais aló de que a maioría da xente non ten problema porque é necesario e bo para comunidade deben gardarse as formas e respectar a propiedade privada, porque se fixo así? quen o fixo? si tiña coñecemento ou non.

Sra alcaldesa: non tiña coñecemento o día que ían a ir é unha empresa dependente da deputación están en trámite de expropiación a lei permite a ocupación estiven con varios veciños e unha persoa de dita empresa e explicou que se poñen as marcas, van convocar os veciños a unha reunión e as marcas se poñen para saber ata onde vai chegar a expropiación, non é unha cesión voluntaria dos veciños se vai pagar o terreo e forma parte do procedemento de expropiación

Sr Domínguez Louro: coincidirá comigo que podía ser doutra maneira

Sra alcaldesa: si podían haber avisado eu non tiven coñecemento ata e cando me chamaron que había esas marcas chamei a deputación puxéronme en contacto coa empresa e veu un representante da empresa

Sr Domínguez Louro: no anterior mandato de Ramón Vigo, Vde díxolle en numerosas ocasións si tiña o inventario de bens listo Vde en este Pleno, a pregunta vai para Vde si o ten feito ou non

Sra alcaldesa: está presentado o inventario cos bens correspondentes cando os técnicos informen e verifiquen si está correcto, está o expediente

Sr Domínguez Louro: podemos acceder a el

Sra alcaldesa: si pero falta o informe técnico

Sr Domínguez Louro: a outra pregunta, Vde está traballando cuns orzamentos prorrogados do ano 2020 co apoio do PP a pregunta é si Vde vai traer xa que estamos rematando maio, sexto mes deste ano, si vai Vde tratar de aprobalos orzamentos ou tirar destes ata final de ano

Sra alcaldesa: espero iniciar o mes que ven as negociacións polo tema de RPT e en función delas e do seu resultado poñereime cos orzamentos pero teño que saber a cantidade de persoal, e seguramente no mes de xuño xa iniciamos a negociación cos representantes sindicais



Sr Domínguez Louro: con toda probabilidade non vai ser fácil porque non foi en ningún sitio e tiraremos ata fin de ano sen aprobar os orzamentos

Sra alcaldesa: as negociacións son durante un mes

Sr Domínguez Louro: digo porque presentamos unha oferta de diálogo xa é a terceira e non se nos contestou tendo en conta que Vde ten 5 votos e co BNG reúne a maioría suficiente para aprobalo, estráname que non recibira resposta, digo isto porque a RPT sabe Vde que dixo en medios de comunicación que estaba esperando pola liquidación do 2021 e pola RPT que no mes de outubro nas resolucións da alcaldía aparecía que se suspendía o contrato coa universidade para redacción da RPT, si non o suspendera, xa sei as causas.

Sra alcaldesa: explique Vde as causas, cuestión meramente administrativa que non dependeu da alcaldía

Sr Domínguez Louro: si non se suspendera a RPT xa a teríamos e poderíamos ter negociado os presupostos, a RPT non é necesaria para aprobar uns presupostos, pódese aprobar sen ela porque estamos traballando no presuposto do 2020 na que non existía RPT e se aprobou o orzamento que sigue en vigor, e meses antes se aprobou o do 2019 que non había tampouco RPT, si sería bo e tómeo coma un consello que non teño porque darllo, creo que sería bo que Vde cando se reúna con calquera persoa ou colectivo inda que é un xogo político, que non dixese que non cumpre porque a oposición non llo vai permitir, a oposición toda, si non quer negociar é a súa decisión de prorrogar, creo que sería bo e que quede moi claro que o BNG está disposto a negociar presupostos sen problema estivo no 2020, esta no 2021 e está disposto no 2022 para iso presentamos unha oferta aberta para o diálogo.

Sra alcaldesa: o diálogo do BNG o largo desta lexislatura xa se fi Sr. Domínguez Louro é sobradamente coñecido por toda veciñanza de Cee, trouxen dúas veces o presuposto e quen votou a favor foi o PP o BNG votou en contra, e explicou os motivos e os motivos polos que explicou non van a cambiar en relación a estes presupostos e imaxino que seguirán votando en contra salvo que cambien de criterio que sería para ben.

Sr Domínguez Louro: nos fixemos ben ou mal, é moi relativo, o seu ben ou o seu mal non ten que ser o meu, que vaia contando por aí sempre a verdade o mellor non e tan verdade na miña boca, cando fixemos a proposta de diálogo, eramos conscientes que Vde non ía a dar marcha atrás pero nos no exercicio de responsabilidade estabamos e estamos dispostos e traballar sobre eles, e cando Vde me contestou nese medio de comunicación, me contestou eu previamente xa tiña dito que non era polo motivo senón que hai que traballar sobre elo, o BNG quer que saia adiante sexa Vde quen estea na alcaldía ou outra forza ou persoa e agora dígolle o mesmo, si quer negociar temos que dialogar porque é a única maneira de entenderse, cando di que xa se ve o noso dialogo claro que votamos en contra porque non houbo diálogo, nas comisións se falou pouco e Vde xa tiña acordado co PP aprobalo, entón non había chance para negociación, en calquera caso a nosa oferta sigue en pe, e que eu saiba, este ano non haberá orzamentos e para o que ven estamos dispostos a negociar

Sra alcaldesa: o diálogo, para que quede claro Sr Domínguez Louro sempre o dixeran, por parte do goberno e concretamente da alcaldesa é dentro das comisións con presenza de secretaria e intervención, ese é o diálogo que ten a alcaldía e evidentemente unha vez que teña estudiada e si vai adiante ou non a RPT que se traerá a comisión correspondente, en función deso se farán os orzamentos, pero para facelos axeitados é necesario saber si se vai aprobar porque dependendo deso as partidas poden cambiar.

Sr Domínguez Louro: repito unha vez mais que para aprobar un presuposto non é necesaria a aprobación da RPT inda así si Vde está decida a levala adiante e respecta a posición nosa non hai problema e sobre todo o BNG nunca dixo que tiveramos unhas relacións escuras e agochadas, que estea a secretaria e interventora diante non hai problema, que quede claro que non hai outro tipo de intención solo falar e dialogar estea que entea diante.

Sra alcaldesa: evidentemente transparencia total



Exp. 2022/G010/000006

Sr Domínguez Louro: perdón si me permite a última tendo en conta que para o mes que ven o pleno cadra o venres 24 de xuño que é festivo San Xoan e entendendo que non se vai celebrar ese día
Sra alcaldesa: non pensei nin me estaba acordando
Sr Domínguez Louro: digollo porque o 26 estreamos a obra de teatro no auditorio Baldomero Cores e esa semana ensaiamos todo o día, entón eu lle pediría cambialo para semana seguinte ou cando Vde queire ou xoves 31 que é ultimo día de mes ou o 1 que é venres, que sexa extraordinario con rogos e preguntas como se fixo noutras ocasións así mellor para todos
Sra alcaldesa: neso non hai problema.

Ás 20:46 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

A secretaria, Rocío Hermida Cancela

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán